
O FÍO

Texto de GRACIA IGLESIAS

Ilustracións de ROSA OSUNA

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 13 €.

O fío (galego)

ISBN 978-84-8464-990-8. Demademora.

El hilo (castelán)

ISBN 978-84-8464-989-2. Primeros lectores.



«Hai un fío na chaqueta»,
dixo estirando un pouquiño,
e a chaqueta foi mingando
namentres crecía o fío.
Así, tirón a tirón...

Simpático e disparatado, este relato rimado comeza cunha anécdota inocente e insignificante: quen non tirou dun fío que lle sobresaía da chaqueta... Así o fai o neno protagonista desta historia, cuxa curiosidade por chegar ao extremo final da febra vólvese insaciable e ata extenuante. Porque paradoxicamente, canto máis intenta desintríncale, máis se enreda o fío en si mesmo e tamén no escenario onde transcorre a acción, como se o filamento falcatrueiro formara parte dos trazos das ilustracións.

O texto de Gracia Iglesias desprende humor e ironía. Co seu ritmo dinámico e creando unha tensión narrativa que vai *in crescendo*, atrapa a atención do público, expectante por coñecer o intrigante desenlace do conto.

Rosa Osuna súmase ao xogo cunha proposta plástica na que predominan os fondos neutros sobre os que destacan -con intenso colorido- o protagonista e outros personaxes cómplices que a ilustradora engade na trama visual. Na expresividade do neno aprécianse os cambios no seu estado de ánimo, que vai do interés inicial, á preocupación, á sorpresa ou á trasnada, ata o esgotamento final.

A nudez humana represéntase con naturalidade, mentres que a 'nudez' do espazo -a medida que aumenta a madeixa de fío- apela á imaxinación dos lectores.



-
- **Temática:** relato de humor, o corpo, a roupa.
 - **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
 - **Aspectos destacables:** texto rimado; destreza manual; curiosidade, intriga; xogo; da ilustradora de “Avós”, “Non é fácil, pequeno esquío” e “Un agasallo diferente”.
-

Gracia Iglesias

(Madrid, 1977)

Licenciada en Xornalismo (Universidade Complutense), traballa como escritora, *performer*, narradora e actriz, facetas que compaxina coa docencia e a colaboración radiofónica. Fundou e dirixiu o espazo cultural Oropéndola (Guadalaxara). É autora de varios libros de poemas, polos que recibiu o premio Gloria Fuertes 2001 e o Premio Nacional de Poesía Fundación Miguel Hernández 2004. Por un dos seus traballos para público infantil tamén gañou o Premio Luna de Aire 2009. A súa actividade literaria complétase con obradoiros de escrita creativa e de creación artística, contacontos e espectáculos cos que actuou en varios países. A súa obra foi traducida a distintos idiomas.
<http://graciaiglesias.blogspot.com>

Rosa Osuna

(Segovia, 1961)

Vive e traballa en Madrid. É licenciada en Belas Artes. Despois de dedicarse durante varios anos ao deseño gráfico, á ilustración publicitaria e á animación, actualmente a súa especialidade é a ilustración infantil. Publicou varios álbums ilustrados dos que tamén é autora, e continúa creando e modelando personaxes en tres dimensións para todo tipo de proxectos. “Avós”, editado por KALANDRAKA, foi o seu primeiro álbum ilustrado; seguíronlle “Non é fácil, pequeno esquío” e “Un agasallo diferente”.
<http://www.pinterest.com/rosaosuna2>